





4º educación primaria  
**Día das letras galegas 2021**

# XELA ARIAS

Xela Arias Castaño naceu o 4 de marzo de 1962 en Lugo pero foi inscrita en Sarria (Lugo) onde seu pai era mestre de primaria. Era a primoxénita de Valentín e Amparo.

Foi inscrita co nome de María de los Ángeles, xa que daquela non se podían poñer nomes galegos. En 1984 consegue que lle recoñezan o dereito a chamarse Xela, tal como a coñecían todos.

Estudou infantil e primaria no Colexio Fingoi, de Lugo e no de Sárdoma- Moledo, en Vigo e os estudos de secundaria no IES Castelao, tamén de Vigo, cidade na que fora destinado seu pai.

Comezou moi axiña a súa carreira literaria. Con once anos gañou o *VI Concurso de Contos Infantís de O Facho*, co relato titulado *A fraga dos paxaros faladores e a fraga leopardicia*.

Traballou en Edicións Xerais de Galicia, como administrativa e no Departamento Editorial.


Foi poeta, tradutora e profesora de Lingua Castelá e Literatura en Secundaria.

Os seus libros de poemas máis coñecidos son *Tigres como cabalos* e *Darío a diario*, dedicado ao seu fillo. Tamén foi tradutora ao galego de moitos libros: *As bruxas*, de Roald Dalh, *Contos ao Teléfono*, de Rodari, *O Gato Gaiado...*, de Jorge Amado...

Faleceu na cidade de Vigo o 1º de novembro de 2003, aos 41 anos.

Polo seu traballo a prol do idioma galego e a nosa cultura a Real Academia dedícalle o Día das Letras de 2021.

Xela Arias  
*Poesía reunida*  
(1982-2004)




XERAIAS  
clásicos

En *Poesía reunida* (1982-2004) recóllese toda a obra poética de Xela Arias.

Gianni Rodari

**Contos ó teléfono**




Juventud

A tradución de *Contos ao teléfono*, de Gianni Rodari foi realizada por Xela Arias no ano 1986.

# ACTIVIDADES BIOGRAFÍA

1. Que sabes da biografía de Xela Arias?



## HORIZONTALAIS

1. Nun dos seus contos son «faladores».
2. Profesión do seu pai.
3. Foi tradutora de «*Contos ao ....*» de Gianni Rodari.
4. Nome da súa nai.
5. Un dos seus libros de poemas titúlase «*Tigres coma ...*»
6. Naceu na vila luguesa de ...
7. Cidade na que finou.
8. Nome do seu fillo.
9. O seu segundo apelido.

1. PAXAROS 2. MESTRE 3. TELÉFONO 4. AMPARO 5. CABALOS 6. SARRIA 7. VIGO 8. DARIO 9. CASTAÑO

2. Con que nome foi inscrita Xela no Rexistro Civil?

---

3. En que ano cambiou seu nome?

---

4. Que concurso gañou aos once anos? Colorea.

**CERTAME DE POESÍA  
ILLAS SISARGAS**

**CONCURSO DE CONTOS  
INFANTÍS DE O FACHO**

**PREMIO LITERARIO  
RÍO MONELOS**

**CONCURSO DE NARRACÍONS  
LABARTA POSE**



5. Como se titula o libro que lle dedicou ao seu fillo?

---

6. Canto sabes de Xela? Completa con preguntas e respostas.

<b>PREGUNTAS</b>	<b>RESPOSTAS</b>
Onde naceu Xela?	
	Na Editorial Xerais de Galicia.
En que colexio fixo Ed. Infantil?	
Que gañou aos 11 anos?	
	De Lingua Castelá e Literatura.
Que autores traduciu ao galego?	
	O 1º de novembro de 2003.

7. Ordena cronolóxicamente e copia onde corresponda.

**En 1984 consegue o dereito a chamarse Xela.**

**A Real Academia Galega dedícalle o Día das Letras de 2021.**

**Faleceu na cidade de Vigo o 1º de novembro de 2003.**

**Naceu o 4 de marzo de 1962 en Lugo.**

**Estudou Infantil e Primaria no colexio Fingoi, de Lugo**

**Foi profesora de Lingua Castelá e Literatura en Secundaria.**

1. \_\_\_\_\_

2. \_\_\_\_\_

3. \_\_\_\_\_

4. \_\_\_\_\_

5. \_\_\_\_\_

6. \_\_\_\_\_



# DARÍO A DIARIO

XELA ARIAS



A túa ollada incendiaria anima tartarugas plásticas,  
camións de engano.

Con pernas magras percorres metros de corredor.

Que con cabeza e corazón limpo dirixas,  
meu ben,  
a orquestra da túa vida.



1. Como é a ollada?

---

2. Que anima coa súa mirada?

---

3. Como son as pernas e o corazón?


---

4. Que ten que dirixir?

---



5. O poema fala de partes do corpo humano. Serías quen de colocar correctamente estas partes no debuxo?

**PESCOZO OMBRO EMBIGO VAN PULSO**  
**XEONLLO TORNECELO COXA**



6. No texto Xela fala da orquestra da súa vida. Poderías atopar os instrumentos do recadro na sopa de letras?

**ACORDEÓN FRAUTA GAITA VIOLA ARPA  
SAXO PANDEIRETA TAMBORIL**



7. Darío foi o nome que lle puxo Xela ao seu único fillo. Escribe ti dez nomes en galego de nenos e nenas. Cinco de cada.


1 ▶

2 ▶

3 ▶

4 ▶

5 ▶



6 ▶

7 ▶

8 ▶

9 ▶

10 ▶



8. A tartaruga que cita Xela no seu poema é un réptil. Os animais pódense clasificar en diferentes tipos: mamíferos, aves, peixes, anfibios e en réptiles, como a tartaruga do poema. Poderías clasificar os animais do recadro segundo o seu tipo?

**LEÓN RA OLLOMOL SERPE PAPORROIBO  
ELEFANTE SAPO RAPANTE AGUIA LAGARTA**



<b>MAMÍFEROS</b>		
<b>AVES</b>		
<b>PEIXES</b>		
<b>ANFIBIOS</b>		
<b>RÉPTILES</b>		

9. Falando de animais, podes describir o teu animal favorito tendo en conta as súas características?

**Tipo de animal:** \_\_\_\_\_

**Tamaño e cor:** \_\_\_\_\_

**Como se alimenta?** \_\_\_\_\_


**Como é o seu corpo?** \_\_\_\_\_

**Onde vive?** \_\_\_\_\_

**Outras curiosidades:** \_\_\_\_\_

10. Coñeces o Festival de Poesía do Condado que se celebra en Salvaterra do Miño, na provincia de Pontevedra?

Neste Festival participou Xela Arias moitas veces. Observa o cartel e responde ás preguntas.



1. En que localidade se celebra o Festival de Poesía do Condado?

---

2. En que provincia cres que está esta localidade?

---

3. Cantos anos levan celebrando este festival?

---

4. Que cinco grupos actuan no festival?

---

5. Que actividade hai para o público infantil?

---

11. A que campo semántico pertencen as palabras «pernas, cabeza e corazón»? Ao dos alimentos ou ao do corpo humano? Completa.

A palabra pernas, cabeza e corazón pertencen ao corpo semántico do \_\_\_\_\_

Escribe outras tres palabras pertencentes a este mesmo campo semántico.

E agora escribe outras tres pertencentes ao campo semántico dos transportes por terra.

12. Escribe un poema dedicado a alguén que aprecies, da lonxitude que queiras coa axuda ou non das palabras do recadro.

**pensamento pranto nome ceo doce mellor senso  
estrelas orquestra sorriso primavera lembranza**

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

**CONTOS AO TELÉFONO**  
**GIANNI RODARI**  
Tradución: XELA ARIAS



## OS HOMES DE MANTEIGA

Xoanciño Perdedía, grande viaxeiro e famoso explorador, chegou un certo día ao país dos homes de manteiga. Estes, ao estaren ao sol derretíanse, polo que tiñan que estar sempre ao fresco, e vivían nunha cidade na que en lugar de casas había frigoríficos. O Xoanciño paseaba polas rúas, e víaos debruizados nas fiestras dos seus frigoríficos, cunha bolsa de xeo na cabeza.

Na portiña de cada frigorífico había un teléfono para falar co inquilino.

-Oia.

-Diga.

-Con quen falo?

-Son o rei dos homes de manteiga. Todos de tona de primeira calidade. Leite de vaca suíza. Reparou ben no meu frigorífico?


-Demos, é de ouro macizo. Pero non sae nunca de aí?

-No inverno, cando vai bastante frío, nun automóbil de xeo.

-E se por un casual sae de improviso o sol de entre as nubes mentres a Vosa Maxestade dá o seu paseo?

-Non pode, non está permitido. Faríao encadear polos meus soldados.

-Buum! -exclamou Xoanciño. E andou para outro país.



# ACTIVIDADES TEXTO

1. A onde chegou Xanciño?

---

2. Que lles pasaba aos homes de manteiga ao estaren ao sol?

---

3. Que levaban na cabeza?


---

4. De que material era o frigorífico do rei?

---

5. Que faría o rei se o sol saíse de improviso?

---



6. Os exploradores e exploradoras son persoas que viven moitas aventuras.



Localiza na seguinte sopa de letras os obxectos que figuran no recadro e que se deberían levar cando alguén vai explorar.

**CASCO**  
**COMPÁS**  
**PONCHO**  
**RELOXO**  
**LANTERNA**  
**MOSQUETÓN**

Q	T	E	I	R	O	X	L	H	G	T	Ñ
L	U	T	C	O	M	P	A	S	Q	Z	F
Ñ	F	H	I	G	X	R	N	R	D	L	E
E	M	O	S	Q	U	E	T	O	N	U	R
D	H	F	Q	Ñ	Z	L	E	R	O	E	G
R	P	O	N	C	H	O	R	L	Q	F	X
G	U	H	R	E	F	X	N	D	Ñ	T	I
Q	T	C	A	S	C	O	A	O	R	Ñ	U

7. Os habitantes do País dos homes de manteiga viven nun frigorífico. Cantos aparellos de cociña coñeces ti?

1. CAFETEIRA 2. FORNO 3. TETEIRA 4. GARFO 5. POTA 6. TORRADOR  
7. COITELO 8. FUNIL 9. TIXOLA 10. COCIÑA 11. VASO



## HORIZONTAIS

- 1.** Máquina para facer café.
- 2.** Neste aparello ásanse ou quéntanse os alimentos.
- 3.** Recipiente no que se prepara ou serve a infusión de té.
- 4.** Ten tres ou catro pugas e serve para levar alimento á boca.
- 5.** É de metal ou barro, ten tapa e serve para facer a comida.
- 6.** Electrodoméstico para torrar rabandas de pan.
- 7.** Úsase para cortar os alimentos.
- 8.** Aparello con boca ancha e saída estreita. Embude.
- 9.** Usámola para fritir os alimentos.
- 10.** Lugar da casa onde se fai a comida.
- 11.** Recipiente que serve para beber.








10. Poderías colocar os nomes das razas de vacas que temos por Galicia no lugar que lle corresponda?

**LIMIÁ RUBIA CACHENA CALDELÁ FRISONA  
VIANESA FRIEIRESA**



19. Completa escribindo **Porque** (afirmando) ou **Por que** (preguntando) nesta conversa entre Xoanciño e o rei dos homes de manteiga.

X: \_\_\_\_\_ vivides en frigoríficos?

R: \_\_\_\_\_ estamos feitos de leite de vaca suíza.



X: \_\_\_\_\_ non saídes á rúa en verán?

R: \_\_\_\_\_ nos derreteríamos.

X: \_\_\_\_\_ o sol non se atreve a saír en inverno?

R: \_\_\_\_\_ o faría encadear polos meus soldados.

21. Que sabes da manteiga que se elabora na localidade coruñesa de Xanceda?

	<b>Casa O Gaiteiro de Vilar de Donas</b> <b>27200 Palas de Rei, Lugo</b>	 <b>ECOLÓXICA MANTEIGA ARTESANAL</b>
		<b>1 x 180 g</b>
<b>INGREDIENTES</b> <b>Elaborada con leite ecolóxico pasteurizado da nosas vacas.</b> <b>Caducidade de 50 días. Conservar a 1º-8ºC</b>		<b>VALOR NUTRICIONAL (por cada 100g)</b> <b>Valor enerxético 7436 kcal</b> <b>Proteínas 0,9 g</b> <b>H de carbono 0,4 g</b> <b>Azúcares 0,4 g</b>

1. Cal é a marca desta manteiga ecolóxica?

---

2. En que localidade a elaboran?

---

3. Canto pesa cada unidade?

---

4. Cantas unidades teriamos que mercar se precisáramos 720 g. de manteiga para facer unha torta?

---

5. A cantos graos temos que conservar a manteiga para que non se estrague? Colorea.

<b>9º-18ºC</b>	<b>10º-23ºC</b>	<b>31º-32ºC</b>	<b>20º-21ºC</b>
<b>9º-11ºC</b>	<b>14º-15ºC</b>	<b>9º-30ºC</b>	<b>1º-8ºC</b>